MEMORIA COMPLEMENTARIA XUSTIFICATIVA

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Como información complementaria á memoria xustificativa funcional compre motivar, en canto á creación de novos postos de traballo, a inclusión de determinadas condicións de horario ou relativas á prestación de servizo no apartado de observacións, así como a realización dunha serie de aclaracións e/ou correccións.

Así, créanse varios postos de traballo de axudante/a de cociña, de oficial 2ª cociña ou pinche de cociña con xornada irregular xunto con outros postos de traballo de coidador/a auxiliar con horario especial e xornada irregular.

A inclusión da xornada irregular nos postos de persoal de cociña e de coidadores/as deriva do acordo do comité intercentros de data de 10 de xuño de 2008 que estableceu que o persoal coidador e o persoal de cociña dependente da consellería con competencias en materia de educación disporán dunha xornada de traballo irregular. Así, esta condición débese manter no proceso de transformación do vínculo xurídico do posto de laboral a funcionario xa que o devandito proceso muda a natureza deste pero non as súas características ou condicións esencias, tal e como se reflicten nas diversas ordes de nomeamento do persoal funcionarizado que establecen que se continuará desenvolvendo o posto de traballo en iguais condicións e circunstancias a pesar do cambio na correspondente relación de postos de traballo do tipo de posto. En todo caso, tamén é de aplicación o artigo 6 da Orde do 20 de decembro de 2013, conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regulan a acreditación, a xornada e o horario de traballo, a flexibilidade horaria e o teletraballo dos empregados públicos no ámbito da Administración xeral e do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, tamén se inclúen noutros postos o horario especial (enfermeiros/as ou fisioterapeutas, entre outros) motivado pola configuración e natureza dos propios postos conforme á referida orde.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: qbpmvGAHHP1 https://sede.xunta.gal/cve

DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
Complexo Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

En efecto, a Orde do 20 de decembro de 2013, conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regulan a acreditación, a xornada e o horario de traballo, a flexibilidade horaria e o teletraballo dos empregados públicos no ámbito da Administración xeral e do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia establece no seu artigo 6.4 que, excepcionalmente e atendendo á natureza do servizo prestado, poderase establecer un horario especial nunha serie de supostos entre os que se sinala que os postos de traballo daquelas unidades que polas peculiaridades das funcións asignadas poida establecerse tal condición; Do mesmo xeito, no artigo 6.5 da referida orde, establécese que todo horario distinto do xeral e do flexible deberá constar nas correspondentes relacións de posto de traballo.

En consecuencia, en virtude da presente orde, fíxase na presente RPT o horario especial para os referidos postos fundamentadas en razóns organizativas, funcionais e de servizo público. Así, a natureza das funcións asignadas a estes postos de persoal non docente que presta servizos nos centros educativos non se axusta ao marco do horario xeral establecido pola administración da Xunta de Galicia. Resulta indispensable establecer un réxime de xornada especial (como quendas de tarde, partidos, ou xornadas irregulares) para asegurar a atención aos usuarios e/ou ás instalacións durante todo o horario de actividade dos referidos centros.

O horario especial permite adaptar a presenza dos traballadores ás franxas horarias de maior demanda, ás necesidades específicas dos centros, así como aos eventos ou actividades destes que poidan requirir unha atención fóra do seu horario habitual.

A concreción e determinación específica deste horario especial recóllese nos documentos oficiais de cada centro, en concreto, no plan de centro e no regulamento de réxime interior (RRI).

Así, conforme ao establecido no Regulamento de Réxime Interior do centro educativo, no apartado relativo á organización do persoal de administración e servizos, correspóndelle á dirección do centro a distribución das xornadas para asegurar a correcta prestación do servizo. O RRI determina expresamente que as dependencias escolares deben permanecer

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: qbpmvGAHHP1 https://sede.xunta.gal/cve

accesibles, vixiadas e operativas durante a totalidade da xornada do centro. Polo tanto, para dar cumprimento a esta funcións de atención á comunidade educativa recollidas no devandito regulamento, faise indispensable concretar o horario do persoal neste documento garantindo que en ningún momento o centro quede desatendido durante as súas horas de actividade.

Do mesmo xeito, no Plan de Centro aprobado para cada curso académico fíxase o horario lectivo, os servizos complementarios (comedor, transporte), así como as actividades extraescolares e de apertura comunitaria ao centro. Para que os obxectivos operativos de dito Plan poidan desenvolverse de maneira eficaz, a dispoñibilidade do persoal debe axustarse ao establecido neste. En consecuencia, a concreción das horas de entrada, saída e quendas rotatorias/partidas , de ser o caso, responde en exclusiva á necesidade de cubrir o arco temporal completo que o Plan de Centro estipula para o uso das instalacións, asegurando así o soporte loxístico necesario.

En definitiva, no uso das facultades de organización interna que o Plan de Centro e o RRI outorgan á dirección de cada centro, é onde se determina ou concreta o horario como a única fórmula organizativa aplicable para dar pleno cumprimento aos obxectivos e as normas de funcionamento aprobados pola comunidade educativa nos citados documentos oficiais.

En todo caso, a adopción deste réxime de xornada especial articúlase respectando en todo momento o cómputo da xornada anual máxima establecida pola normativa que lle é de aplicación, resultando polo tanto esta medida necesaria, proporcionada e xustificada para o correcto funcionamento dos servizos públicos educativos.

En canto ao carácter itinerante dos postos de traballo que reflicten tal condición, esta deriva da súa propia natureza en tanto que o ámbito de actuación dos servizos asignados a estes esixen a atención a diferentes centros ou instalacións que se atopan dispersos xeograficamente en todo o ámbito provincial. Así, resulta inviable, dende un punto de vista organizativo, asignar un único centro fixo de traballo a estes postos sen comprometer a atención educativa que se debe prestar, en función das necesidades, no correspondente ámbito territorial provincial. Así, o establecemento do carácter itinerante destes postos

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: qbpmvGAHHP1 https://sede.xunta.gal/cve

permite que un mesmo posto de traballo preste soporte e atención directa en diversas localizacións segundo ás necesidades do servizo, evitando a duplicidade de postos en cada ámbito xeográfico provincial coa finalidade de acadar unha xestión óptima e racional dos recursos humanos e económicos existentes. Do mesmo xeito, o carácter itinerante destes postos asegura unha capacidade de resposta áxil ante as necesidades xurdidas nos diferentes centros, garantindo a continuidade na prestación dos servizos públicos educativos.

Por outra banda, no apartado IV.1 da memoria xustificativa relativa á creación de postos de traballo, polo que respecta á creación do posto de oficial 2ª cociña do CEE de A Barcia en Santiago de Compostela, detectouse un erro na atribución do correspondente nivel de posto, debendo figurar un nivel 13 en detrimento do nivel 12 que figuraba.

Do mesmo xeito, proponse a supresión do apartado II.2.2 da memoria xustifica funcional, no que se propoñía que para o outro posto de oficial 2ª de cociña do devandito centro CEE de A Barcia, con código ED.C99.40.901.15770.023, se engadise a observación de "a amortizar cando quede vacante". Por razóns organizativas e operativas retírase esta proposta de modificación.

A relación da creación de postos de traballo incluídos na proposta de modificación da RPT coas referidas observacións é a seguinte:

Proposta de creación de postos de traballo nos centros educativos da provincia da Coruña

Nº	**Centro destino**	**Cód.**	**Denominación**	**Gr./Niv. Escala**	**Tit/For.**	**Observacións**
1	CEIP DE TEIXEIRO (CURTIS)	N.C	Axudante/a de cociña	AP/10 XELC	648	Xornada irregular
2	CEIP DE MESÓN DO VENTO (ORDES)	N.C	Axudante/a de cociña	AP/10 XELC	648	Xornada irregular
3	CPI DE VIAÑO PEQUENO (TRAZO)	N.C	Axudante/a de cociña	AP/10 XELC	648	Xornada irregular
4	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
5	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: qbpmvGAHHP1 https://sede.xunta.gal/cve

6	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
7	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
8	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
9	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
10	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
11	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
12	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
13	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
14	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
15	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
16	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
17	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
18	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
19	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: qbpmvGAHHP1 https://sede.xunta.gal/cve

20	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
21	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
22	CEE "A BARCIA" (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	N.C	Educador/a social	A2/20 EMS7	648	
23	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Enfermeiro/a	A2/18 EMS1	648	Horario especial/ Itinerante
24	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Enfermeiro/a	A2/18 EMS1	648	Horario especial/ Itinerante
25	CEE "A BARCIA" (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	N.C	Fisioterapeuta	A2/20 EMS3	648	Horario especial
26	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	N.C	Intérprete de linguaxe de Signos	L (III/104)	6003 648	B14/ B18 / Itinerante
27	CEE "A BARCIA" (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	N.C	Oficial 2ª cociña	C2/13 EDÑ	648	Xornada irregular

Proposta de creación de postos de traballo nos centros educativos da provincia de Lugo

Nº	**Centro destino**	**Cód.**	**Denominación**	**Gr./Niv. Escala**	**Tit/For.**	**Observacións**
2	CEIP PL."A GÁNDARA" (MONFORTE)	N.C	Axudante/a de cociña	AP/10 XELC	648	Xornada irregular
3	AUL. E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (LUGO)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
4	AUL. E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (LUGO)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
5	AUL. E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (LUGO)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
6	AUL. E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (LUGO)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
7	AUL. E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (LUGO)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
8	AUL. E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (LUGO)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: qbpmvGAHHP1 https://sede.xunta.gal/cve

9	CEE "SANTA MARÍA" (LUGO)	N.C	Fisioterapeuta	A2/20 EMS3	648	Horario especial

Proposta de creación de postos de traballo nos centros educativos da provincia de Ourense

Nº	Centro destino	Cód.	Denominación	Gr./Niv. Escala	Tit/For.	Observacións
1	CEIP PLURILINGÜE DE RIBADAVÍA	N.C	Axudante/a de cociña	AP/10 XELC	648	Xornada irregular
2	CEIP JOAQUINA GALLEGO JORRETO	N.C	Axudante/a de cociña	AP/10 XELC	648	Xornada irregular
3	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (OURENSE)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
4	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (OURENSE)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
5	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (OURENSE)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
6	CIFP DE VILAMARÍN	N.C	Empregado/a de cociña-pinche	AP/10 XELC	648	Horario especial/ quendas
7	IES MANUEL CHAMOSO LAMAS (O CARBALLIÑO)	N.C	Limpador/a	AP/10 XELC	648	Horario especial

Proposta de creación de postos de traballo nos centros educativos da provincia de Pontevedra

Nº	Centro destino	Cód.	Denominación	Gr./Niv. Escala	Tit/For.	Observacións
1	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
2	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
3	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
4	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
5	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: qbpmvGAHHP1 https://sede.xunta.gal/cve

6	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
7	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
8	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
9	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
10	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
11	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
12	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
13	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
14	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
15	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
16	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
17	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
18	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular
19	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Coidador/a auxiliar	C2/14 EDD	648	Horario especial/ Itinerante/ Xornada irregular

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: qbpmvGAHHP1 https://sede.xunta.gal/cve

20	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	N.C	Enfermeiro/a	A2/18 EMS1	648	Horario especial/ Itinerante
21	IES PLUR. AQUIS CELENIS (CALDAS DE REIS)	N.C	Limpador/a	AP/10 XELC	648	Horario especial
22	CIFP VALENTÍN PAZ ANDRADE	N.C	Peón/oa agrario/a	AP/10 XELR	648	Horario especial
23	IES "PEDRAS RUBIAS"	N.C	Subalterno	AP/10 XERAL	648	Horario especial

Asinado dixitalmente,

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

Asinado por: VILA LOPEZ, MANUEL
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 10/07/2026 12:42:20

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: qbpmvGAHHP1 https://sede.xunta.gal/cve